

MINISTERIO DE ECONOMÍA E FACENDA

6032 *ORDE EHA/672/2007, do 19 de marzo, pola que se aproban os modelos 130 e 131 para a autoliquidación dos pagamentos fraccionados á conta do imposto sobre a renda das persoas físicas correspondentes, respectivamente, a actividades económicas en estimación directa e a actividades económicas en estimación obxectiva, o modelo 310 de declaración ordinaria para a autoliquidación do réxime simplificado do imposto sobre o valor engadido, se determinan o lugar e a forma de presentación destes e se modifica en materia de domiciliación bancaria a Orde EHA/3398/2006, do 26 de outubro. («BOE» 70, do 22-3-2007.)*

A Lei 35/2006, do 28 de novembro, do imposto sobre a renda das persoas físicas e de modificación parcial das leis dos impostos sobre sociedades, sobre a renda de non-residentes e sobre o patrimonio, introduciu, entre outras, determinadas modificacións no ámbito dos pagamentos á conta do imposto sobre a renda das persoas físicas. Concretamente, a letra d) do punto 5 do artigo 101 desta lei incorpora, dentro dos rendementos derivados de actividades económicas suxeitos a retención ou ingreso á conta, co tipo de retención do 1 por 100, os procedentes de actividades empresariais que determinen o seu rendimento neto polo método de estimación obxectiva, nos supostos e condicións que regulamentariamente se establezan.

O regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 1775/2004, do 30 de xullo, desenvolve esta previsión legal, especificando no novo punto 6 do artigo 93 as actividades económicas cuxos rendementos quedan suxeitos a retención ou ingreso á conta. Este punto 6 foi engadido ao citado artigo polo Real decreto 1576/2006, do 22 de decembro, polo que se modifican, en materia de pagamentos á conta, o Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 1775/2004, do 30 de xullo; o Real decreto 2146/2004, do 5 de novembro, polo que se desenvolven as medidas para atender os compromisos derivados da celebración da XXXII edición da Copa do América na cidade de Valencia; o Regulamento do imposto sobre sociedades, aprobado polo Real decreto 1777/2004, do 30 de xullo, e o Regulamento do imposto sobre a renda de non-residentes, aprobado polo Real decreto 1776/2004, do 30 de xullo.

A especificación e identificación destas actividades económicas, que son aquelas nas cales con maior frecuencia se desenvolven operacións entre empresarios, realízase, como é usual no método de estimación obxectiva, por referencia ao grupo ou epígrafe da sección primeira das tarifas do imposto sobre actividades económicas e á descrición da actividade económica desenvolvida.

De acordo co establecido na disposición transitoria terceira do Real decreto 1576/2006 anteriormente citado, a práctica efectiva da retención ou ingreso á conta sobre os citados rendementos non se iniciará até que conclúese o prazo de renuncias ao método de estimación obxectiva no imposto sobre a renda das persoas físicas e aos réximes especial simplificado e da agricultura, gandaría e pesca do imposto sobre o valor engadido para o exerci-

cio 2007 ou de revogacións das renuncias anteriormente presentadas.

O sometemento a retención ou ingreso á conta dos rendementos destas actividades despreza tamén os seus efectos nos pagamentos fraccionados que os seus titulares están obrigados a realizar periodicamente á conta do imposto sobre a renda das persoas físicas. Neste sentido, o artigo 108.3.b) do Regulamento do imposto establece que para determinar o importe do pagamento fraccionado se deducirán as retencións practicadas e os ingresos á conta efectuados sobre os rendementos destas actividades. Incluso cando o importe das retencións e ingresos á conta soportados no trimestre sexa superior á cantidade resultante do pagamento fraccionado, poderase deducir esta diferenza en calquera dos seguintes pagamentos fraccionados correspondentes ao mesmo período impositivo.

En consecuencia, débese proceder á aprobación dun novo modelo 131 de declaración do pagamento fraccionado á conta do imposto sobre a renda das persoas físicas correspondente a actividades económicas que determinen o seu rendimento neto no método de estimación obxectiva, no cal teñan adecuado reflexo as mencionadas novidades. É dicir, a posibilidade de deducir as retencións e ingresos á conta soportados no trimestre polos titulares das actividades cuxos rendementos quedaron sometidos a retención e ingreso á conta, poder consignar no propio modelo o saldo negativo que como consecuencia desta compensación se puidera orixinar, así como, de ser o caso, poder efectuar a compensación de saldos negativos procedentes de trimestres anteriores do mesmo exercicio que estean pendentes de compensación.

Como consecuencia deste novo esquema liquidatorio, o importe dos pagamentos fraccionados correspondentes a cada un dos trimestres do mesmo exercicio nas actividades cuxos rendementos se someten a retención ou ingreso á conta poderá ser diferente. Esta circunstancia impedirá aos titulares destas actividades utilizar como medio de pagamento da débeda tributaria resultante da declaración correspondente ao modelo 131 o procedemento de domiciliación bancaria ante as entidades de depósito que prestan o servizo de colaboración na xestión recadatoria regulado nos puntos sexto a noveno da Orde do 13 de marzo de 1998, pola que se aproban os modelos 131 de declaración-liquidación de pagamentos fraccionados do imposto sobre a renda das persoas físicas correspondentes a empresarios en réxime de estimación obxectiva e 310 de declaración-liquidación ordinaria do réxime simplificado do imposto sobre o valor engadido e se establecen as condicións para a domiciliación do pagamento resultante destas entidades de depósito que prestan o servizo de colaboración na xestión recadatoria.

Por outra parte, cabe sinalar que desde o ano 1998 en que se regulou o citado procedemento de domiciliación do pagamento das débedas resultantes das declaracións correspondentes aos modelos 131 e 310, se foi incrementando cada vez máis o número de declaracións susceptibles de presentación pola internet, de tal forma que na actualidade este número alcanza á práctica totalidade delas.

Xunto co incremento da presentación telemática pola internet das declaracións, estendeuse e consolidouse un procedemento xeral de domiciliación bancaria nas entidades de crédito que actúan como colaboradoras na xestión recadatoria das débedas tributarias resultantes das declaracións que se presentan por esta vía. O propósito deste procedemento responde á idea de xeneralizar a todos os obrigados tributarios as facilidades que supón a domiciliación bancaria no cumprimento das súas obrigas e, en particular, na realización do pagamento resultante das súas declaracións ou autoliquidacións.

Para tal efecto, a Orde EHA/3398/2006, do 26 de outubro, no seu artigo 1 estende a domiciliación bancaria a que se refire o artigo 38 do Regulamento xeral de recadación, aprobado polo Real decreto 939/2005, do 29 de xullo, á presentación telemática de determinados modelos de declaración-liquidación como medio de pagamento das débedas tributarias resultantes destes. Entre os modelos a que resulta aplicable este procedemento de domiciliación bancaria non se inclúen os códigos 131 e 310.

En consecuencia, non parece razoable desde o punto de vista xestor manter a coexistencia simultánea de dous procedementos de domiciliación diferentes para o pagamento de débedas tributarias resultantes de declaracións periódicas: un, xeral e, outro, especial aplicable exclusivamente aos modelos 131 e 310, máxime cando as débedas tributarias derivadas de declaracións formuladas no modelo 131 se poderían acoller a calquera de ambos os procedementos. Con obxecto de evitar as dificultades de xestión derivadas desta duplicidade procedemental e con obxecto de lograr a necesaria homoxeneidade no procedemento de domiciliación bancaria, na presente orde procédese á derogación do procedemento de domiciliación establecido nos puntos sexto a noveno da Orde do 13 de marzo de 1998 e, correlativamente, á modificación da Orde EHA/3398/2006, do 26 de outubro, pola que se ditan medidas para o impulso e homoxeneización de determinados aspectos en relación á presentación de declaracións tributarias por vía telemática, se modifican determinadas normas de presentación dos modelos de declaración 182, 184, 188 e 296, e se modifica o modelo de declaración 187, «Declaración informativa de accións e participacións representativas do capital ou do patrimonio das institucións de investimento colectivo e resumo anual de retencións a ingresos á conta en relación coas rendas ou ganancias patrimoniais obtidas como consecuencia das transmisións ou reembolsos desas accións e participacións», para incluír os modelos de declaración correspondentes aos códigos 131 e 310 dentro do procedemento xeral de domiciliación bancaria aplicable á presentación de declaracións-liquidacións ou autoliquidacións por vía telemática, regulado no artigo 1 da citada orde.

A aprobación nesta orde do modelo 310, de declaración ordinaria do réxime especial simplificado do imposto sobre o valor engadido, responde unicamente á comentada derogación do procedemento especial de domiciliación contido na Orde do 13 de marzo de 1998. Pola súa parte, a aprobación do modelo 130, de declaración do pagamento fraccionado á conta do imposto sobre a renda das persoas físicas correspondente a actividades económicas en estimación directa, resulta necesaria para adaptar as instrucións do modelo á nova regulación do imposto sobre a renda das persoas físicas neste ámbito.

Ademais das novidades sinaladas, os modelos 130, 131 e 310 aprobados na presente orde caracterízanse por non incorporar os datos relativos ao domicilio do declarante. A razón desta supresión radica en que estes modelos carecen de transcendencia censal e que non constitúen canle procedemental idónea para comunicar á Administración tributaria nin o domicilio fiscal nin os cambios efectuados nel; circunstancias estas que deben comunicar os obrigados ao pagamento fraccionado mediante o modelo 036, aprobado pola Orde HAC/2567/2003, do 10 de setembro, pola que se aproba o modelo 036 de declaración censal de alta, modificación e baixa no censo de obrigados tributarios e se establecen o ámbito e as condicións xerais para a súa presentación.

Finalmente, na presente orde non se introduce ningunha modificación na regulación da forma e lugar de presentación das declaracións correspondentes aos modelos 130, 131 e 310. A este respecto, o artigo 109.3 do

Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas establece que a declaración dos pagamentos fraccionados se axustará ás condicións e requisitos e o ingreso se efectuará na forma e lugar que determine o ministro de Economía e Facenda. Pola súa parte, os artigos 41 e 72 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro, dispoñen, respectivamente, que os suxeitos pasivos suxeitos ao réxime especial simplificado deste imposto deberán presentar as correspondentes declaracións-liquidacións ordinarias consonte o modelo específico determinado polo ministro de Economía e Facenda quen, así mesmo, establecerá o lugar e forma de presentación e realización do ingreso resultante das declaracións polo citado imposto.

Na súa virtude, dispoño:

Artigo 1. *Aprobación do modelo 130.*

Apróbase o modelo 130. Imposto sobre a renda das persoas físicas. Actividades económicas en estimación directa. Pagamento fraccionado. Declaración.

Este modelo, que figura como anexo I da presente orde, consta dos dous exemplares seguintes:

Exemplar para o contribuínte.

Exemplar para a entidade colaboradora –AEAT.

O número de xustificante que haberá de figurar neste modelo será un número secuencial cuxos tres primeiros díxitos se corresponderán co código 130.

Artigo 2. *Obrigados a presentar o modelo 130.*

O modelo 130 deberá ser utilizado polos contribuíntes do imposto sobre a renda das persoas físicas que exerzan actividades económicas, incluídas as agrícolas, gandeiras, forestais e pesqueiras, e determinen o seu rendemento neto consonte o método de estimación directa, tanto na modalidade normal como na simplificada, sempre que, conforme o disposto no artigo 107 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, aprobado polo Real decreto 1775/2004, do 30 de xullo, estean obrigados a autoliquidar e, de ser o caso, ingresar o pagamento fraccionado no Tesouro en concepto de pagamento á conta do citado imposto.

Artigo 3. *Aprobación do modelo 131.*

Apróbase o modelo 131. Imposto sobre a renda das persoas físicas. Actividades económicas en estimación obxectiva. Pagamento fraccionado. Declaración.

Este modelo, que figura como anexo II da presente orde, consta dos dous exemplares seguintes:

Exemplar para o contribuínte.

Exemplar para a entidade colaboradora –AEAT.

O número de xustificante que haberá de figurar neste modelo será un número secuencial cuxos tres primeiros díxitos se corresponderán co código 131.

Artigo 4. *Obrigados a presentar o modelo 131.*

O modelo 131 deberá ser utilizado polos contribuíntes do imposto sobre a renda das persoas físicas que exerzan actividades económicas, incluídas as agrícolas, gandeiras e forestais, e determinen o seu rendemento neto consonte o método de estimación obxectiva, sempre que, conforme o disposto no artigo 107 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, estean obrigados a autoliquidar e, de ser o caso, ingresar o pagamento

fraccionado no Tesouro en concepto de pagamento á conta do citado imposto.

Artigo 5. *Aprobación do modelo 310.*

Apróbase o modelo 310. Imposto sobre o valor engadido. Réxime simplificado. Declaración ordinaria.

Este modelo, que figura como anexo III da presente orde, consta dos dous exemplares seguintes:

- Exemplar para o suxeito pasivo.
- Exemplar para a entidade colaboradora –AEAT.

O número de xustificante que haberá de figurar neste modelo será un número secuencial cuxos tres primeiros díxitos se corresponderán co código 310.

Artigo 6. *Obrigados a presentar o modelo 310.*

O modelo 310 deberá ser utilizado polos suxeitos pasivos do imposto sobre o valor engadido que exerzan exclusivamente actividades polas cales deban presentar declaración por tal imposto, que tributen no réxime simplificado, para realizar as declaracións ordinarias deste réxime correspondentes aos tres primeiros trimestres do ano natural.

Artigo 7. *Prazo de presentación e ingreso dos modelos 130 e 131.*

De conformidade co disposto no artigo 109 do Regulamento do imposto sobre a renda das persoas físicas, a presentación das declaracións formuladas nos modelos 130 e 131 e, de ser o caso, o ingreso da débeda tributaria resultante delas no Tesouro Público realizarase nos prazos seguintes:

- a) Os tres primeiros trimestres, entre o día 1 e o 20 dos meses de abril, xullo e outubro.
- b) O cuarto trimestre, entre o día 1 e o 30 do mes de xaneiro.

Os vencementos de prazo que coincidan cun sábado ou día inhábil entenderanse trasladados ao primeiro día hábil inmediato seguinte.

Artigo 8. *Prazo de presentación e ingreso do modelo 310.*

De conformidade co disposto nos artigos 39 e 41 do Regulamento do imposto sobre o valor engadido, aprobado polo Real decreto 1624/1992, do 29 de decembro, a presentación das declaracións formuladas no modelo 310 e, de ser o caso, o ingreso da débeda tributaria resultante desta no Tesouro Público efectuarase nos 20 primeiros días naturais dos meses de abril, xullo e outubro de cada ano, respecto do trimestre natural inmediato anterior a cada un dos citados prazos.

Os vencementos de prazo que coincidan cun sábado ou día inhábil entenderanse trasladados ao primeiro día hábil inmediato seguinte.

Artigo 9. *Lugar de presentación e ingreso dos modelos 130, 131 e 310 en impreso.*

Se da declaración formulada nos modelos 130, 131 e 310 en impreso resulta unha cantidade para ingresar no Tesouro Público, a presentación e o ingreso poderanse realizar en calquera entidade de depósito sita en territorio español que actúe como colaboradora na xestión recadatoria (bancos, caixas de aforros ou cooperativas de crédito) para o cal será necesario que a declaración leve

adheridas as etiquetas identificativas elaboradas pola Axencia Estatal de Administración Tributaria.

Se da declaración non resultase cantidade para ingresar, esta deberase presentar directamente en calquera delegación ou Administración da Axencia Estatal de Administración Tributaria. Tamén se poderá efectuar a presentación mediante envío da declaración por correo certificado dirixido á delegación ou Administración da Axencia Estatal de Administración Tributaria correspondente ao domicilio fiscal do declarante. En ambos os casos, deberáselle xuntar á declaración fotocopia acreditativa do número de identificación fiscal se esta non leva adheridas as correspondentes etiquetas identificativas.

Artigo 10. *Condicións xerais e procedemento para a presentación telemática do modelo 130.*

1. Sen prexuízo do disposto no artigo 9 anterior, os obrigados tributarios poderán efectuar a presentación e, de ser o caso, o ingreso resultante da declaración formulada no modelo 130, por vía telemática, de acordo co disposto na Orde do 30 de setembro de 1999, pola que se establecen as condicións xerais e o procedemento para a presentación telemática das declaracións-liquidacións correspondentes aos modelos 110, 130, 300 e 330.

Tamén resultarán aplicables á presentación por vía telemática do modelo 130 as medidas establecidas para a eliminación de determinadas restricións á utilización desta vía no artigo 2 da Orde EHA/3398/2006, do 26 de outubro, pola que se ditan medidas para o impulso e homoxeneización de determinados aspectos en relación á presentación de declaracións tributarias por vía telemática, se modifican determinadas normas de presentación dos modelos de declaración 182, 184, 188 e 296, e se modifica o modelo de declaración 187, «Declaración informativa de accións e participacións representativas do capital ou do patrimonio de institucións de investimento colectivo e resumo anual de retencións e ingresos á conta en relación coas rendas ou ganancias patrimoniais obtidas como consecuencia das transmisións ou reembolsos desas accións e participacións».

2. A utilización polos obrigados ao pagamento fraccionado da domiciliación bancaria na entidade de crédito que actúe como colaboradora na xestión recadatoria (bancos, caixas de aforro ou cooperativas de crédito) como medio de pagamento da débeda tributaria resultante do modelo 130 presentado por vía telemática axustarase ao disposto no artigo 1 da Orde EHA/3398/2006, anteriormente citada.

3. Os obrigados tributarios incluídos no sistema de conta corrente en materia tributaria regulado no Real decreto 1108/1999, do 25 de xuño, deberán ter en conta para a presentación telemática do modelo 130 as especialidades a que se refire o punto segundo da Orde do 22 de decembro de 1999, pola que se establece o procedemento para a presentación telemática das declaracións-liquidacións que xeren débedas ou créditos que se deban anotar na conta corrente en materia tributaria.

Artigo 11. *Condicións xerais e procedemento para a presentación telemática dos modelos 131 e 310.*

1. Sen prexuízo do disposto no artigo 9 anterior, os obrigados tributarios poderán efectuar a presentación e, de ser o caso, o ingreso resultante da declaración formulada nos modelos 131 e 310, por vía telemática, de acordo co disposto na Orde do 21 de decembro de 2000, pola que se establecen as condicións xerais e o procedemento para a presentación telemática pola internet das declaracións correspondentes aos modelos 117, 123, 124, 126, 128, 216, 311, 310, 311, 193, 198, 296 e 345.

Tamén resultarán aplicables á presentación por vía telemática do modelo 131 e 310 as medidas establecidas para a eliminación de determinadas restricións á utilización desta vía no artigo 2 da Orde EHA/3398/2006, do 26 de outubro, pola que se ditan medidas para o impulso e homoxeneización de determinados aspectos en relación á presentación de declaracións tributarias por vía telemática, se modifican determinadas normas de presentación dos modelos de declaración 182, 184, 188 e 296, e se modifica o modelo de declaración 187, «Declaración informativa de accións e participacións representativas do capital ou do patrimonio de institucións de investimento colectivo e resumo anual de retencións e ingresos á conta en relación coas rendas ou ganancias patrimoniais obtidas como consecuencia das transmisións ou reembolsos desas accións e participacións».

2. A utilización polos obrigados tributarios da domiciliación bancaria na entidade de crédito que actúe como colaboradora na xestión recadatoria (bancos, caixas de aforro ou cooperativas de crédito) como medio de pagamento da débeda tributaria resultante das declaracións formuladas nos modelos 131 e 310 presentados por vía telemática axustarase ao disposto no artigo 1 da Orde EHA/3398/2006 anteriormente citada, coas modificacións introducidas nel pola disposición adicional primeira desta orde.

3. Os obrigados tributarios incluídos no sistema de conta corrente en materia tributaria regulado no Real decreto 1108/1999, do 25 de xuño, deberán ter en conta para a presentación telemática dos modelos 131 e 310 as especialidades a que se refire o punto segundo da Orde do 22 de decembro de 1999, pola que se establece o procedemento para a presentación telemática das declaracións-liquidacións que xeren débedas ou créditos que se deban anotar na conta corrente en materia tributaria.

Disposición adicional primeira.

Modificación da Orde EHA/3398/2006, do 26 de outubro, pola que se ditan medidas para o impulso e a homoxeneización de determinados aspectos en relación á presentación de declaracións tributarias por vía telemática, se modifican determinadas normas de presentación dos modelos de declaración 182, 184, 188 e 296, e se modifica o modelo de declaración 187, «Declaración informativa de accións e participacións representativas do capital ou do patrimonio de institucións de investimento colectivo e resumo anual de retencións e ingresos á conta en relación coas rendas ou ganancias patrimoniais obtidas como consecuencia das transmisións ou reembolsos desas accións e participacións».

1. Modifícase o artigo 1, punto 1 da Orde EHA/3398/2006, do 26 de outubro, para incluír dentro do seu contido os seguintes modelos:

Modelo 131. Imposto sobre a renda das persoas físicas. Actividades económicas en estimación obxectiva. Pagamento fraccionado. Declaración.

Modelo 310. Imposto sobre o valor engadido. Réxime simplificado. Declaración ordinaria.

2. Modifícase o artigo 1, punto 2 da Orde EHA/3398/2006, do 26 de outubro, para incluír dentro do seu contido as seguintes mencións:

Modelo 131. Desde o día 1 até o 15 dos meses de abril, xullo e outubro e desde o día 1 até o 25 do mes de xaneiro.

Modelo 310. Desde o día 1 até o 15 dos meses de abril, xullo e outubro.

3. Modifícase o anexo «Datos mínimos que se deben incluír no xustificante do ingreso nos supostos de domiciliación bancaria do pagamento» da Orde EHA/3398/2006, do 26 de outubro, que quedará como segue:

ANEXO IV

Datos mínimos que se deben incluír no xustificante do ingreso nos supostos de domiciliación bancaria do pagamento

Data da operación: (a que proceda).

Codificación entidade, sucursal e número de conta (CCC):

Entidade emisora: Código NNNN.

Concepto: (o que proceda de acordo co grupo de modelos a que corresponda o modelo que remita a AEAT, os cales se recollen no campo seguinte).

Retencións e ingresos á conta.

Imposto sobre a renda das persoas físicas.

Imposto sobre sociedades.

Imposto sobre a renda de non-residentes.

Imposto sobre o valor engadido.

Modelo tributario: (o que proceda)

110, 115, 117, 123, 124, 126, 128.

130, 131.

202.

213, 214, 215, 216.

300, 310, 311, 370, 371.

Exercicio: (o que proceda).

Período: (o que proceda dos seguintes).

Trimestral: 1T, 2T, 3T, 4T.

Modelo 202: 1P, 2P, 3P.

Modelos 213 e 214: 0A.

Identificación do contribuínte:

N.I.F.: XXXXXXXXXX ou XXXXXXXXXX

Apelidos e nome ou razón social: XXXXXXXXXXXXXXX
XXXXXXXXXXXXXXX

Número de xustificante: NNNNNNNNNNN N

Importe: NNNNNNNNNNNNN, NN euros.

Lenda:

«Este cargo por domiciliación produce os efectos liberatorios para co Tesouro Público sinalados no Regulamento xeral de recadación.»

Disposición adicional segunda. *Referencias formativas.*

1. As referencias efectuadas ao modelo 130 na Orde do 30 de setembro de 1999, pola que se establecen as condicións xerais e o procedemento para a presentación telemática das declaracións-liquidacións correspondentes aos modelos 110, 130, 300 e 330, así como nas restantes disposicións de igual ou inferior rango vixentes, deberán entender efectuadas ao modelo 130 aprobado na presente orde.

2. As referencias efectuadas aos modelos 131 e 310 na Orde do 21 de decembro de 2000, pola que se establecen as condicións xerais e o procedemento para a presentación telemática pola internet das declaracións correspondentes aos modelos 117, 123, 124, 126, 128, 216, 131, 310, 311, 193, 198, 296 e 345, así como nas restantes disposicións de igual ou inferior rango vixentes, deberán entender efectuadas aos modelos 131 e 310 aprobados na presente orde.

Disposición derogatoria única. *Disposición derogatoria.*

A partir do momento en que esta orde produza os seus efectos, de acordo co establecido na súa disposición

derradeira única, quedarán derogadas as seguintes disposicións:

a) A Orde do 18 de marzo de 1999, pola que se aproban os modelos 130 e 131 de declaración-liquidación de pagamentos fraccionados do imposto sobre a renda das persoas físicas correspondentes, respectivamente, a actividades económicas en estimación directa e a actividades económicas en estimación obxectiva.

b) Os puntos sexto a noveno da Orde do 13 de marzo de 1998, pola que se aproban os modelos 131 de declaración-liquidación de pagamentos fraccionados do imposto sobre a renda das persoas físicas correspondentes a empresarios en réxime de estimación obxectiva e 310 de declaración-liquidación ordinaria do réxime simplificado do imposto sobre o valor engadido e se establecen as condicións para a domiciliación do pagamento resultante delas en entidades de depósito que presten o servizo de colaboración da xestión recadatoria.

c) Os puntos terceiro, quinto e sexto da Orde do 30 de xaneiro de 2001, pola que se aproban os modelos 308, 309, 310 e 370 de declaración-liquidación en euros do imposto sobre o valor engadido, os modelos 130 e 131 de declaración-liquidación de pagamentos fraccionados en euros do imposto sobre a renda das persoas físicas e os modelos 110 e 111 de declaración-documento de ingreso de retencións e ingresos á conta en euros do imposto sobre a renda das persoas físicas sobre rendementos do

traballo de determinadas actividades económicas, premios e determinadas imputacións de renda, nos cales se aproban, respectivamente, os modelos 310, 130 e 131.

d) O número tres do punto segundo da Orde do 21 de decembro de 2000, pola que se establecen as condicións xerais e o procedemento para a presentación telemática pola internet das declaracións correspondentes aos modelos 117, 123, 124, 126, 128, 216, 131, 310, 311, 193, 198, 296 e 345, relativo aos supostos de exclusión da presentación telemática dos modelos 131 e 310.

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado» e producirá efectos respecto da presentación e ingreso resultantes das declaracións formuladas nos modelos 130, 131 e 310 que correspondan ao primeiro trimestre de 2007 e seguintes.

Madrid, 19 de marzo de 2007.–O vicepresidente segundo do Goberno e ministro de Economía e Facenda, Pedro Solbes Mira.

(Os modelos que se aproban nesta orde están dispoñibles, en castelán, no «BOE» 70, do 22-3-2007.)